

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de xaneiro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezanove de xaneiro de dous mil tres e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(16).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 22 de decembro de 2003. Deberá incorporarse ó libro de actas da Comisión de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

INCORPORASE Á REUNIÓN O XEFE DA UNIDADE DE NOVOS PROXECTOS, SR. DÍAZ DEL RÍO, PARA EXPLICAR O PUNTO SEGUINTE.

2(17).- ESTUDIO SOBRE O CADERNO CONCESIONAL DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS DE BEIRAMAR-VIGO REALIZADO POLA ENTIDADE IDOM PARA A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA. DOC. 40003320.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Novos Proxectos, do 14.01.04, que di o seguinte:

A mediados de decembro de 2003, recibese nesta Unidade sobre remitido pola Alcaldía no que se contén o informe elaborado pola Empresa IDOM para a Concellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, sobre o caderno concesional do Auditorio-Pazo de Congresos desta cidade.

Unha vez estudiado o seu contido, convocouse unha reunión coa Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería que tivo lugar o pasado día 12 na que se acordou que o Concello achegara a súa valoración ó mesmo e as súas suxerencias.

O documento ten por obxecto presentar as características do proxecto de construción do Auditorio e o resultados dos análises económicos efectuados para avaliar a súa viabilidade económica e poder determinar os parámetros dos custos necesarios para a financiación pública do investimento. Realízase un detallado estudio do análise de programa de necesidades, diferenciando catro sectores, a saber, congresual, cultural, usos terciarios (turismo, hotel, cines, comercial, equipamentos deportivos) e apartamentos e remata cun análise económico financeiro sobre os custos de explotación do complexo.

O estudio vai dirixido ós potenciais inversionistas institucionais e privados, pretendendo mostrar o modelo concesional proposto –a explotación do Pazo de Congresos-Auditorio e concesión dos usos complementarios previstos actualmente no Plan Especial do Porto-.

Dende o punto de vista municipal, cómpre realizar dous tipos de observacións, por unha banda, unhas meramente informativas coa finalidade de que podan complementar a futura realidade existente no término municipal a análise dos sectores estudiados no documento e, por outra, unhas cualificadas nas que, entendo, o Concello non pode renunciar.

As primeiras refírense:

- *Vixencia da concesión actual.* Neste aspecto é obrigatorio salientar que coa recentemente publicada Lei 48/2003 de 26 de novembro de Régime Económico e de Prestación de Servicios dos Portos e de Prestación Xeral, o prazo da concesión incrementábase nun período de 5 anos por ter sido modificada neste sentido a Disposición Transitoria 4ª da Lei de Portos de 1992.
- *Respecto os diferentes usos analizados.* –Hoteles-. Convén destacar a problemática existente na Lexislación actual para a utilización do mesmo, se ven coa nova Lei próxima a entrar en vigor, flexibilizábase considerablemente para aqueles terreos que “no reúnan las características naturales de dominio público-marítimo terrestre definidos en el artículo 3 de la Ley 22/1988, de 28 de junio de Costas”.

Nesta cidade existe un antecedente no que a experiencia non é agradable xa que co motivo da tramitación do expediente de modificación puntual nº 12 do Plan Xeral de Ordenación Urbana no que se contemplaba un edificio destinado a hotel, o acordo de aprobación definitiva foi recurrida vía contenciosa pola Asociación de Hoteleiros da Provincia.

- *Polo que respecta o análise dos usos comerciais e cinematográficos,* convén salientar que non se contemplan no estudo pormenorizado de cada un deles o Centro Comercial xa existente na Travesía de Vigo, no que a lo menos existen 9 salas cinematográficas, o Complexo Comercial incluído no proxecto “Abrir Vigo ó Mar” no que se iniciaron recentemente as obras de construción, no que se

contemplan 11 salas cinematográficas e o Centro Comercial Recaré inclúe 9 salas cinematográficas. Con tales perspectivas a ratios tidas en conta no estudio de viabilidade, non se axustarán á realidade existente no inicio da explotación das concesións.

As observacións que se consideran fundamentais e irrenunciabes para o Concello son:

Condiciones técnicas do escenario do Auditorio. Deben manterse ó previsto no proxecto inicial do Arquitecto D. Cesar Portela e ós estudos previos realizados para o Concello polo Arquitecto D.Xerardo Estévez, facilitado á Xunta de Galicia, pois xustifican de por se que na cidade exista un lugar onde podan celebrarse, precisamente polas características o escenario, óperas, zarzuelas, grandes concertos no que podan participar orquestas sinfónicas, etc, etc.

- *Fase de execución do aparcadoiro.*- A execución ten que se realizar na súa totalidade coa construción do edificio destinado a Pazo de Congresos-Auditorio, xa que no estudio semella que a súa execución sería en dúas fases.
- *Incluir no proxecto definitivo de construción e para a execución das correspondentes obras polo concesionario,* un estudio de tráfico que posibilite o acceso pola fachada principal pola Avda. de Beiramar e que facilite o tráfico rodado para acceder ás entradas os aparcadoiros, xa que, en definitiva, hoxe en día a parada o estacionamento de vehículos para deixar xente na porta principal é complicada é a rúa posterior do edificio – rúa Jacinto Benavente- non deixa de ter un tráfico industrial.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local que no exercicio das atribucións que lle confire a Ley 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a modernización del Goberno Local, no seu artigo 127.1 f), adopte o seguinte ACORDO:

1 *“Prestar a súa conformidade o estudio sobre o caderno concesional do Auditorio-Pazo de Congresos de Beiramar-Vigo, realizado pola Entidade IDOM para a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, coas observacións recollidas na parte expositiva do presente Acordo.*

2 *Dar traslado con carácter urgente do presente Acordo á Dirección Xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos”.*

A Xunta de Goberno presta conformidade á proposta contida no precedente informe.

AUSENTASE DA REUNIÓN O SR. DÍAZ DEL RIO.

3(18).- DAR CONTA DOS CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE OUTUBRO E NOVEMBRO DE 2003.

Mediante escrito de data 1.10.03, cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto do ano 2003, o concelleiro delegado de Benestar Social, dá conta á Comisión de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de outubro e novembro de 2003, que son os seguintes:

CONCEPTO	PARTIDA	NºOPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
SUBMINISTRO CARPETAS	2200000	200300052197	440,80	ITRES PUBLICIDAD – Raúl Rodríguez Pérez
FORMACIÓN DE VOLUNTARIA DO	2260804	200300050402	8.001,27	AULA SISIFO DE FORMACIÓN
PLENO INFANTIL	2270600	200300054675	9.000,00	XESGALIA

A Xunta de Goberno queda enterada.

4(19).- ADXUDICACIÓN DE NICHOS E CINCEIROS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE TEIS E PEREIRÓ A PETICIÓN DOS INTERESADOS. EXPTE. 5789/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado, do 12.01.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e o concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro: Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, os nichos e cinceiros que para cada un se expresan, segundo emprazamento e número, nos cemiterios municipais que de seguido se sinalarán:

NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS

NOME DO ADXUDICATARIO	Nº BOCAS	BLOQUE	SOLAR
Fidelina García Caramés	109	16	28
José Arroniz Domínguez	53	16	14

CINCEIROS NO CEMITERIO DE TEIS

NOME DO ADXUDICATARIO	Nº BOCAS	BLOQUE	SOLAR
José Francisco Posse Pereira	33	4 bis	9

NICHOS NO CEMITERIO DE PEREIRO

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>SOLAR</u>
Esther Cambeiro Fuentes	57 e 58	36	15

Segundo: As adxudicacións outorganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do nicho ou cinceiro adxudicado.

Terceiro: De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do art. 5º da Ordenanza. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

5(20).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda aproba-la seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEGRO	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0354903	4.500,00.-	4.500,00.-		
“	0354834	180,00.-	153,21.-	26,79.-	
BOUZAS NOVAS JOSE	0353092	1.209,22.-	1.209,22.-		
ESPADA RECAREY LUIS	0361199	450,00.-	450,00.-		
“	0343807	600,00.-	381,24.-	218,76.-	
FERNANDEZ BESADA DOLORES	0360523	3.000,00.-	2.993,41.-	6,59.-	
FERNANDEZ RIOBO JESUS MIGUEL	0353710	1.740,00.-	1.739,89.-	0,11.-	
GOMEZ GARCIA MARIA CRISTINA	0364469	454,05.-	205,00.-	249,05.-	
“	0364539	901,52.-	900,72.-	0,80.-	
GONZALEZ GARCIA MANUEL	0353091	1.209,22.-	1.209,22.-		
GUTIERREZ ORUE FRANCISCO JAVIER	0349744	500,00.-	507,83.-		7,83.-
HERMIDA ARAUJO ADOLFO	0353087	1.209,22.-	1.209,22.-		
IGLESIAS VAZQUEZ M. CARMEN	0360196	900,00.-	898,84.-	1,16.-	
LOPEZ MOURE JESUS	0367914	37.799,10.-	37.799,10.-		
MAGDALENA VILA MARIA XESUS	0360170	1.629,80.-	1.629,80.-		
NUÑEZ TORRON LOPEZ JESUS	0359636	300,00.-	296,19.-	3,81.-	
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0364843	87.547,01.-	87.547,01.-		
“	0363195	26.203,07.-	25.694,29.-	508,78.-	
“	0352173	3.337,20.-	3.028,68.-	308,52.-	
“	0352177	1.895,20.-	1.868,50.-	26,70.-	
“	0354829	700,00.-	100,00.-	600,00.-	
OTERO LAMAS FRANCISCO	0354831	1.514,00.-	1.513,47.-	0,53.-	

RODRIGUEZ FRIEIRO RICARDO	0364665	4.500,00.-	4.700,41.-		200,41.-
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0354906	15.400,00.-	13.320,00.-	2.080,00.-	
SAN LUIS COSTAS AVELINO	0331917	6.000,00.-	6.000,00.-		
“	0342375	960,00.-	960,00.-		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0357061	73.783,00.-	73.759,00.-	24,00.-	
SOTELO RODRIGUEZ JOSE A.	0363426	200,00.-	34,79.-	165,21.-	
“	0357235	2.000,00.-	1.572,53.-	427,47.-	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEGRO	S/FAVOR
VAZQUEZ VARELA JOSE M.	0353075	1.209,22.-	1.209,22.-		
“	0353078	1.088,20.-	1.088,20.-		
TOTAL			278.478,99.-		

6(21).- DEVOLUCIÓN DO AVAL CONSTITUÍDO POLA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS “A PAZ” PARA RESPONDER DOS POSIBLES DANOS DA CELEBRACIÓN DO MAGOSTO NO BARRIO DA PAZ O 8.11.03. EXPTE. 69215/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 9.01.04, a Xunta de Goberno acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 7 de novembro de 2003 pola ASOCIACION DE VECIÑOS “A PAZ”, con NIF G-36743482, por un importe de 300 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración o 8 de novembro de 2003, do MAGOSTO NO BARRIO DA PAZ, por non producirse danos na vía pública.

7(22).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Ó ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26.11.03 DO INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO POLA QUE SE CONVOCA E REGULA A CONCESIÓN DE AXUDAS Á CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O FUNCIONAMENTO E MANTEMENTO DAS SÚAS OFICINAS DE INFORMACIÓN ÓS CONSUMIDORES PARA O ANO 2004. EXPTE. 209/302.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do director da OMIC, do 14.01.04, conformado polo concelleiro de Consumo, que di o seguinte:

Por Resolución do Instituto Galego de Consumo, con data 26 de novembro de 2003, publicado no DOGA nº 236 do pasado 4 de decembro de 2003, pola que se convoca e regula a concesión de axudas á Corporacións Locais para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de información ós consumidores para o ano 2004.

Segundo o artigo 4º o prazo de presentación das solicitudes será de 40 días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación da Resolución no Diario Oficial de Galicia, que remata o vindeiro 26 de xaneiro de 2004.

De conformidade co disposto na devandita Resolución están comprendidas con dereito a subvención as actuacións a teor do obxecto seguinte:

a) *Gastos de funcionamento – Persoal*

En colaboración coa Concellería – Delegada e o persoal de esta dependencia, considerouse axeitada a actuación nas seguintes áreas:

	<i>Orzamento Total</i>	<i>Achega o Concello</i>	<i>Subvención solicitada</i>
<i>Gastos de funcionamento Da Oficina</i>	<i>122.507,94 euros</i>	<i>86.507,94 euros</i>	<i>36.000 euros</i>
TOTAIS	<i>122.507,94 euros</i>	<i>86.507,94 euros</i>	<i>36.000 euros</i>

Co obxecto da presentación da solicitude e constancia na mesma, precísase adoptar o pertinente acordo, e polo tanto, proponse a adopción do seguinte

ACORDO

1. *Acollerse ó sistema de axudas reguladas pola Resolución de 26 de novembro de 2003 do Instituto Galego de Consumo que regula a súa concesión a Corporacións Locais para o funcionamento e mantemento das súas oficinas de información ós consumidores para o ano 2004.*
2. *Aproba-lo programa de actuacións exposto con anterioridade polo importe de 122.507,94 euros.*
3. *Interesar do presidente do Instituto Galego de Consumo que acorde a otorgación dunha subvención de 36.000 euros, inferior ó 70% da cantidade total de gastos sobre o funcionamento das actividades, programas e proxectos co que este Concello se acolle á Resolución do 26 de novembro de 2003.*
4. *Facultar á Excm. Sra. Alcaldesa para formula-la correspondente solicitude perante o Instituto Galego de Consumo da Xunta de Galicia.*

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

8(23).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 171.257,49 € A FAVOR DA COMPAÑÍA ASEGURADORA “LA ESTRELLA”. EXPTE. 16637/240.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de Intervención Xeral do 20.10.03 e do 16.01.04, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servicio de Patrimonio e Contratación, do 16.01.04, conformado polo xefe de área de Réxime Interior, que di o seguinte:

A vista do informe emitido pola Intervención Xeral, sobre a prórroga do contrato de seguro de vida e accidentes do persoal do Concello de Vigo, por este servicio de Patrimonio e Contratación, cabe informar o seguinte:

-Respecto ó parágrafo donde menciona que as prórrogas deben de ser aprobada por órgano competente, aclaramos que o mencionar o carácter automático de dita prórroga, de non mediar denuncia expresa da mesma, mais ben se refería á acetación por parte da Compañía aseguradora de continuar coa póliza de seguro vixente, xa que o informe proposta, do que se trataba era de propoñer a Comisión de Goberno (órgano que no seu día rexeu o concurso convocado o efecto), a aprobación da prórroga citada.

-Por outa banda débese sinalar que a compañía asegurada “La Estrella, ata data ven atendendo o cumprimento de dita póliza de seguro de vida, xa que no período que media entre o 1 de setembro de 2003 ata 31 de decembro dese mesmo ano, por este servicio de Patrimonio e Contratación tense informe que se están tramitando expedientes acaecidos nese período.

Polo anterior, e á vista de que a compañía prestou o servicio, e ante o feito de que no convenio regulador dos traballadores/as estea previsto o beneficio da póliza para os seus empregados, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

A C O R D O

“Aboar polo réxime de INDEMNIZACIÓN substitutiva a favor da Compañía aseguradora “La Estrella”, por o importe da prima de seguro de vida e accidentes do persoal do Concello de Vigo, e aboarlle a mesma cantidade de 171.257’49,-€ correspondentes o importe de dita póliza pola anualidade comprendida entre o 31 de agosto do 2003 ata o 1º de setembro do 2004.”

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

9(24).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretario dou fé.